




Manuel Curros Enriquez


Nace en Celanova en 1851





1851

Nado en Celanova



5º dos doce fillos de:
Xosé M. Curros (notario)
e Petra Enríquez

abandonara a casa
paterna ós 15 anos.

INFANCIA

O seu pai era un home violento e autoritario.

Educado nun férreo e radical catolicismo.

1866

1866

Instálase en Madrid



Modesto
Fernández

Gaña un certame literario de poesía convocado en Ourense -
presenta 3 composicións:
**“A Virxe do Cristal”, “O gaiteiro de Penalta” e “Unha voda en
Einibó”**

Casa canonicamente coa súa muller (coa que xa tiña dous fillos)
Consegue praza como funcionario de Facenda en Ourense.

1877

Ten que fuxir a Londres por un
escrito de carácter político

1870

Coñece a Modesta Vázquez
(5 homes e 1 muller)

1871

1875



Vai como **corresponsal de guerra** de El
Imparcial a Euskadi (3º guerra carlista).


Alí recibe un **disparo accidental**.

Tamén se adicada de forma continua ao xornalismo, publicando en “El Heraldo Gallego”.

1878

O Marqués de Trives encárgalle a creación dun texto sobre o Padre Feijóo. Será a obra de teatro **“El Padre Feijóo”**, que provocará un certo enfado no sector eclesiástico.


1879



En setembro deste mesmo ano falece Leopoldo, segundo fillo de Curros (poema *Ai!*).

1880

Cesáreo Rodrigo, bispo de Ourense, denuncia a obra e pide a súa reatirada por incluír contido que ridiculizaba varios dogmas da relixión católica.



Morre Petra Enríquez, nai do poeta; tamén nace Sofía Josefa Valentina Adelaida, terceira filla de Curros.



Censura da Igrexa a *Aires da miña terra*

A todos nuestros amados diocesanos hacemos saber: Que habiéndosenos denunciado un libro escrito por M. Curros Enriquez con el título de Aires d'a miña terra, que acaba de publicarse en esta ciudad, dispusimos fuese examinado por tres teólogos de notoria ciencia; y resultando que, segun su dictamen, contiene dicho libro proposiciones heréticas, blasfemas, escandalosas y algunas que merecen otra censura; Nós, en virtud de nuestra autoridad ordinaria y de la especial que tenemos delegada de la Santa Sede Apostólica, reprobamos y condenamos el expresado libro, y estrictamente prohibimos su lectura y retencion á todos nuestros diocesanos, y les mandamos que, si tuvieran ejemplares de él, los entreguen en nuestra secretaría de cámara ó á sus respectivos párrocos ó confesores para que estos los pongan á nuestra disposición.

Condenamos el error y nos compadecemos del que yerra. Por eso, al propio tiempo que en cumplimiento de nuestro sagrado deber velamos por la pureza de la doctrina, dirigimos nuestras preces al Todopoderoso para impetrar de su infinita misericordia que los que se hallan envueltos en las tinieblas de la herejía, ó rehusan la enseñanza infalible de la Iglesia, abran los ojos á la esplendente luz de la verdad católica. Y á fin de que nuestros amados diocesanos estén prevenidos, y dóciles á nuestra voz, como lo esperamos, se abstengan de tomar en sus manos el expresado libro, ordenamos que este nuestro edicto sea leído al ofertorio de la misa popular en todas las iglesias parroquiales y de anejos el primer día de fiesta después de su recibo.


Dado en nuestro palacio episcopal de Orense á 28 de Junio de 1880.—CESÁREO, obispo de Orense.—Por mandado de S.E. l. el obispo mi señor, Dr. D. Juan Soldevilla, canónigo secretario.

(Boletín Eclesiástico del 28 de Junio de 1880)

1881

O 11 de marzo, o xuíz absolve a Curros
Reedite o polémico poemario antes citado

Tamén se publica neses meses o famoso poema “N’a chegada a
Ourense da primeira locomotora”.



1882

Entre estas datas,
comunícaselle a Curros o
seu cese na Delegación de
Facenda de Ourense.

1883




1888

Radicalismo extremo:

- Postura anticlerical
- Abolición da pena de morte
- Eliminación do sistema de quintas

Marcha A Coruña

Publica ***O divino Sainete***



Publica en moitas ocasións co pseudónimo "Sebastián Zurita".

Traballa no xornal "**El País**", converténdose posteriormente no seu **redactor-xefe**

Volve a Madrid onde segue coa súa actividade xornalística.

1883



1894

Sepárase definitivamente da súa muller

Emigra A Habana. Colabora en xornais e revistas.

1894

Decide marchar de España, ben polos **problemas matrimoniais**, ben por desgustos relacionados cos seus **artigos en “El País”**

O 5 de marzo de 1894, chega a La Habana co obxectivo de dirixirse a México

No obstante, uns amigos anímanos a quedar na illa


Converterase en redactor-xefe de *“El Diario de la Familia”*


Fundará *“La Tierra Gallega”*

As relacións do noso autor co Centro Gallego da Habana son moi boas ao comezo, tornándose difíciles co inicio da II Guerra de Cuba no 1895.



Problemas políticos por defender o dereito dos cubanos á independencia de España





1908

En Cuba, o 7 de marzo do 1908,
agrávaselle a súa reuma e o
seu asma e morre

Tra-lo seu falecemento,
a cidade herculina reclama os seus restos..

Enterrados hoxe no **cemiterio de San Amaro**

Os xornais do entón apuntan que ao funeral asistiron **40.000
persoas.**

1906

O 30 de setembro do ano 1906,
inaugúrase na Coruña a citada
institución, nomeando a Curros
Enríquez membro de honra da mesma



1909

Colocación da placa da rúa Manuel
Curros Enríquez en Celanova

Instauración dunha placa na casa
natal de Curros

1919



Ideoloxía de Curros

Un poeta **comprometido**

Cría na función **social** da poesía

Pensa que o deber dun poeta é estar co pobo e abrírlles os ollos ás xentes.

É un poema **cívico** (denuncia as inxustizas)

Cre na **liberación das clases oprimidas** a través do progreso e da cultura.

- Identifica a ignorancia e atraso con fanatismo e opresión
- Identifica o progreso coa cultura e a liberdade

Mirando ao chao

"Viu deitarse méndegos
que se erguen marqueses;
tal clas de escrituras
firmar indixentes
que ó cabo dun ano
non teñen albergue;
soldados covardes
chegar a ser xefes,
e morrer sin groria
os máis grandes héroes;
pasar por honrados
os que honra non teñen,
por santos os pillos,
por xustos os debles;
subir ós altares
os que á forza deben,
i arrastrar carroza
quen debe un grillete;
chegar a poderosos
venteiros de aceite,
e comprar o ceo
prestando a intereses.
Vendo esto, Dios dixo
contra o seu chaleque:
-Si che outra vin nunca,
que o demo me leve

Con noxo deixando
tantas cativeces,
inda noutras cousas
parou Dios as mentes.
Viu malos gobernos
que falsos i alevos
co xugo dos pobos
engordan e crecen;
cregos que feroces
como cans doentes
cun fusil ao lombo
predican aos fieles;
ricos que roubando,
as gabetas enchen;
(...)
I en fin, cantas cousas
que non deben verse,
que Dios, arripiado,
i as cruces facéndose
coñecida a causa
de que o inferno medre,
meteuse na groria
decindo entre dentes.
-Si eu fixen tal mundo
que o demo me leve"

Rapazas de Vilanova,
Ben vos podeades gabar;
Que non hai Virxe n'o mundo
Com' a VIRXE D'O CRISTAL.

(Cantar d'o povo.)

Almas ardentes pr'a chorar nacidas
Unha cencia que Dios non quixo darvos;
Volvoretas xentís, esparexidas
Arredor d'unha lus q' ha de queimarvos;
Almas cheas de duda, de fé espidas;
D'unha eterna inorancia eternos parvos;
Vermes envoltos n'o monton aceso
D' osos de mortos, que chamás progreso:

Paráde un pouquichiñ' o fatigoso
Paso, en que vades á rodar sin tino,
E non ó vento dedes, enganoso,
A balbucente vos d'un pelegrino,
Sombra d'un sol que nace esprendoroso,
Póla esgallada de xigante pino,
Recordo vivo d'unha idá pasada
Entr' o polvo d'os tempos enterrada.



Mais de 1.000 versos nos que relata
a fantástica aparición da Virxe, nun
cristal, a unha rapaza con
problemas de amores e calumnias

A SÚA OBRA

Poemas costumistas – a imitación de Rosalía de Castro
pero engadindo unha problemática social como no poema
O Maio



O MAIO

Aí vén o maio
de frores cuberto ...
Puxéronse á porta
cantándome os nenos;
i os puchos furados
pra min estendendo,
pedíronme crocas
dos meus castiñeiros.

Pasai, rapaciños,
calados e quedos;
que o que é polo de hoxe
que darvos non teño.
Eu sonvos o probe
do pobo gallego:
pra min non hai maio,
pra min sempre é inverno! ..

Cando eu me atopare
de donos liberto
i o pan non me quiten
trabucos e préstemos,
e como os do abade
frorezan meus eidos,
chegado habrá estonces
o maio que eu quero ...

Queredes castañas
dos meus castiñeiros? ...
Cantádeme un maio
sin bruxas nin demos;
un maio sin segas,
usuras nin preitos,
sin quintas, nin portas,
nin foros, nin cregos.

A SÚA OBRA

Poesía narrativa – "A Virxe do Cristal"

Poemas lírico-intimistas con temática familiar "*Na morte da miña nai*" e "*Ben chegado*"

Outros poemas intimistas cunha desesperanza e angustia tan pésima como a rosaliana "*Tempo deserto*", "*Sola*" e "*A rosalía*"

Doce melancolía, miña musa,
do meu espírito noiva feiticeira,
¡déixame que hoxe no teu colo durma
sono de pedra!

Nunca, reiciña, nunca como agora
falla fixéronme os teus bicos mornos:
choveu por min chuvia de sangue e traio
frío nos ósos.

Quéntame ti, que tiritando veño,
ti, que do peito curas as feridas,
¡amiga xenerosa dos que sofren,
melancolía!

Tope miña alma, á sombra dos ciprestes
que os tristes ermos das túas illas cobren,
o esquecemento que en ningures acho
prás miñas dores.

Fai que ó rumor dos teus regueiros brando
se adormezan meus tristes pensamentos.
¡Son un orfo! Agarímame ao teu colo...
¡Xa outro non teño!

Xa outro non teño en que pousar a fronte
polas enrugas do pesar sulcada,
xa outro non teño que a amargura enxugue
das miñas bágoas!

Nai, adorada nai, martir escura,
branca pombiña, aruladora e tenra,
ai, se souberas como me deixabas...
ai, non morreras.

Dende que te perdín, a terra, o ceo,
todo é pra min da mesma cor da morte.
O sol non me alumea, nin os campos
pra min téñ frores.

Cal sobre os condenados a pauliña
caíu sobre miña alma eterno loito;
todo me amarga, astra o aire que respiro;
dáname todo.

Do corazón fuxiume esa alegría
que é nas frores aroma e vos nos páxaros,
e andan por dentro do meu peito os corvos
arrevoando.

¡Como recordo aquelas noites claras
en que ó fulgor da prateada lúa
me arrolabas o sono, dos teus cantos
coa doce música!

¡Como recordo aqueles tardes tristes
en que os tronos sentindo, rezabamos
por que Dios leve ós probes mariñeiros
a porto salvo:

Polos necesitados camiñantes,
polos vellos sen pan e sen abrigo,
polos nenos sen pai..., abandonados
coma os teus fillos!

¡Ai! Eu tamén rezar quixera agora
por ti, de tanto amor en xusto pago;
mais dende que te fuches, miña rula,
¡teño un cansacio...!

Melancolía, musa dos doentes,
do meus espírito noiva feiticeira
¡déixame que hoxe no teu colo
durma sono de pedra!

"Na morte da miña nai"

"A rosalía"

Do mar pola orela
mireina pasar,
na frente unha estrela,
no bico un cantar.

E vina tan sola
na noite sin fin,
¡que inda recei pola probe da tola
eu, que non teño quen rece por min!

A musa dos pobos
que vin pasar eu,
comesta dos lobos,
comesta se veu...

Os ósos son dela
que vades gardar.
¡Ai, dos que levan na frente unha
estrela!
¡Ai, dos que levan no bico un cantar

Aires da miña terra (1880)

Pretensións: mensaxe libertadora mostrando a falta de liberdade, a incultura, a supersticións, a actitude intransixente da igrexa, o inxusto reparto da riqueza, a miseria...



Temática social

- Defensa dos dereitos sociais
- Poesía = arma de combate para a denuncia social (anticlerical)
- Mostrar as ideas progresistas e galeguistas
- Enxalzar o progreso tecnolóxico (primeira locomotora)
- Denuncia da miseria do labrego
- Ataca a opresión da igrexa

Temática intimista

Trata asuntos do ámbito familiar, como en:

¡Ai! fala da morte do seu fillo

Na morte da miña nai

Ben chegado, nacemento doutro fillo

Temática costumista:

Tres poemas premiados en 1877 no concurso literario de
Ourense:

A Virxe do Cristal
O gueiteiro de Penalta
Unha voda en Einibó

Forma de *Aires da miña terra*

Influencia da poesía popular: comparacións, sinxeleza dos símbolos, léxico cotiá, recursos baseados na repetición.

Prioriza a fluidez na comunicación sobre a estética.

Anticlericalismo Publicación polémica

O DIVINO SAINETE

Inicia a liña satírica na literatura moderna galega


Poema longo narrativo dividido en nove partes:

Unha introdución e oito canto.

Modelo: a Divina Comedia de Dante.

Ton: satírico

Temática ...





O DIVINO SAINETE

Viaxe de Curros e Francisco Añon dende Galicia a Roma para falar co
papa León XIII.

Cada un dos vagóns do tren é un pecado capital, no que Curros se basea
para, con humor, satirizar e criticar aspectos da sociedade do seu tempo.

Ataques a carlistas, frades corruptos, pero tamén outros con nomes e
apelidos como Emilia Pardo Bazán. Todos considerados opresores do
pobo e inimigos do renacer da literatura galega.

**“¡nunca se cumpren/os programas liberales!” e o
poema remata: "desde entón creo... ou non creo/
pero dudar ¡xa non dudo!"**



Vida

Manuel Curros Enríquez (1851-1908) Manuel Curros Enríquez forma parte do Rexurdimento xunto a Rosalía de Castro e Eduardo Pondal. Os Continue...

 Fundación Curros Enríquez

Manuel Curros Enríquez

CONSELLO DA CULTURA GALEGA